

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se publica a concesión dos premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2009-2010, convocados pola Orde do 4 de outubro de 2010 (Diario Oficial de Galicia do 11 de outubro).

A Orde do 4 de outubro de 2010, da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 11 de outubro), pola que se convocan os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2009-2010, establece no seu artigo 11º.2 que, de acordo coa proposta feita pola comisión, o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará esta proposta para a publicación, no *Diario Oficial de Galicia*, da resolución de concesión ditada polo conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria. Así mesmo, establece que o *Diario Oficial de Galicia* recollerá a relación de códigos alfanuméricos dos premiados.

Unha vez publicada a relación provisional da proposta, cuberto o disposto no citado artigo 11º.2, vista a acta coa proposta definitiva da Comisión de Selección de adxudicación dos premios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este conselleiro

DISPÓN:

Primeiro.-Concederlle os premios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2009-2010 ao alumnado que figura no anexo a esta orde.

Segundo.-Contra a resolución de adxudicación dos premios poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

Relación dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao esforzo e á superación persoal correspondentes ao curso 2009-2010

Código persoal	Importe do premio
QF308H98	732 €
WATZWPSG	732 €
OQ74QR8E	732 €
LCSWLDJC	732 €
OTOLRCGL	732 €
THLICBTX	732 €
MNOJRQRP	732 €
JQ4D9WGQ	732 €
TPDVXGCB	732 €
2845AE3D	732 €
NBQGBPIU	732 €
KFHPTYVV	732 €
ZLWWNJGG	732 €
039090E9	732 €
AHOZQYQN	732 €
NYQXTPVS	732 €
FEFHDTVR	732 €
JQ48QU9W	732 €
OQG090QA	732 €
GBKRYUSUC	732 €

Orde do 30 de decembro de 2010 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010, convocados pola Orde do 4 de outubro de 2010.

A Orde do 4 de outubro de 2010 (DOG do 11 de outubro) pola que se convocan os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento académico correspondentes ao curso 2009-2010, establece no seu artigo 10º.2 que o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa elevará a proposta feita polo tribunal ao conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, quen emitirá a resolución correspondente para a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Unha vez realizadas as probas, publicada a acta provisional coas cualificacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas e vista a acta coa proposta definitiva do tribunal de adxudicación dos premios extraordinarios e a proposta do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, este conselleiro

DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de educación secundaria obrigatoria ao rendemento

académico correspondentes ao curso 2009-2010 ao alumnado que figura no anexo a esta orde.

Segundo.-Contra a resolución de adxudicación dos premios poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116º e 117º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben impugnala directamente na vía xurisdiccional ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses desde tal publicación, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

**Relación dos premios extraordinarios de educación
secundaria obrigatoria ao rendemento académico
correspondentes ao curso 2009-2010**

DNI	Apelidos e nome	Centros de estudos	Importe do premio
76734556R	Rivero Salgado, Óscar	IES Cidade de Antioquía (Xinzo de Limia-Ourense)	732 €
77420550C	Soutullo Castiñeiras, Carlos	IES As Bizocas (Grove (O)-Pontevedra)	732 €
77478058M	Vázquez Bará, Iago	IES Sánchez Cantón (Pontevedra-Pontevedra)	732 €
47437452K	Tomás López, Laura	IES Salvador de Madariaga (Coruña (A)-Coruña (A))	732 €
44485825F	Sampayo Muñoz, Artur	CPR Santa Teresa de Jesús (Ourense-Ourense)	732 €
45959264C	Casal Pardo, Beatriz	CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela-Coruña (A))	732 €
48116843S	De la Iglesia Castro, Pablo	CPR Cristo Rey (Coruña (A)-Coruña (A))	732 €
54131895S	Domínguez Vidal, José Enrique	CPI de Cruz do Sar (Bergondo-Coruña (A))	732 €
39468048W	Conde Gallastegui, Álvaro	CPR Apóstol Santiago (Vigo-Pontevedra)	732 €
44662488F	López Barata, Xoel	CPR Santa Teresa de Jesús (Ourense-Ourense)	732 €
44660221V	Boán Pérez, Jorge	IES Eduardo Blanco Amor (Ourense-Ourense)	732 €
53199505E	Álvarez Domínguez, Breixo Xesús	IES Val Miñor (Nigrán-Pontevedra)	732 €
45906603Y	Lago Rodríguez, Telma	IES Rosalía de Castro (Santiago de Compostela-Coruña (A))	732 €
32724961D	Carpente Porral, David	IES Breamo (Pontevedra-Coruña (A))	732 €
45909354C	Rodríguez Raposo, Miguel	CPR Manuel Peleteiro (Santiago de Compostela-Coruña (A))	732 €
76581874Q	González Rivas, Iris	IES Santiago Basanta Silva (Vilalba-Lugo)	732 €
77412875G	Busto Leis, José Manuel	IES Aquis Celenis (Caldas de Reis-Pontevedra)	732 €
33561999P	Taboada Rubinos, Carla	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo-Lugo)	732 €
39466785G	Rodríguez Outeiral, Roque	IES Rosais 2 (Vigo-Pontevedra)	732 €
45873179R	Abel García, Diego	CPR Santa Apolonia (Santiago de Compostela-Coruña (A))	732 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, edificio administrativo, s/n, bloque 2, 1º andar, 15781, Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos na cal se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio.

**CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO**

Orde do 3 de xaneiro de 2011 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a asociacións, fundacións e entidades culturais sen ánimo de lucro para o equipamento e a mellora dos seus locais, e se procede á súa convocatoria para o ano 2011, co cofinanciamento de Fondos Feder.

O ámbito de actuación da Consellería de Cultura e Turismo responde ao vixente marco institucional de distribución de competencias, configurado basicamente no Estatuto de autonomía de Galicia. Este, no artigo 27º.19, establece como competencia exclusiva da Xunta de Galicia o fomento da cultura en Galicia, e, no artigo 32º, que lle corresponde ao Goberno da nosa comunidade autónoma a defensa e promoción dos valores culturais do pobo galego.

A Consellería de Cultura e Turismo asume as competencias que a facultan para o deseño, programación, desenvolvemento e execución da política cultural do Goberno de Galicia en todas as súas vertentes. Compételle a esta consellería a elaboración de normas e propostas para impulsar a creación e promover e difundir a cultura nos seus diversos eidos a través da xestión das diferentes axudas e instrumentos de colaboración coas asociacións, fundacións e outras entidades, de carácter público ou privado, que desenvolvan unha labor dentro do seu ámbito competencial.

No eido concreto das asociacións, fundacións e entidades sen ánimo de lucro, a Consellería de Cultura e Turismo, dentro da súa aposta pola dinamización cultural do país, considera que a mellora das condicións dos locais destas entidades, abrirá as súas ofertas culturais aos novos campos da cultura, sen abandonar as súas ofertas culturais tradicionais.

No exercicio destas competencias, a Consellería de Cultura e Turismo quere establecer con esta orde un instrumento que, axeitándose á normativa xeral vixente, marque as pautas para unha distribución, consonte os criterios de publicidade, obxectividade e concorrencia, dos recursos destinados á mellora dos locais e do equipamento das asociacións, fundacións e entidades públicas ou privadas sen ánimo de lucro, de acordo cos principios recollidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Finalidade e obxecto.

1. Esta orde ten como obxecto o establecemento das bases reguladoras e a convocatoria das subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas á mellora dos locais das asociacións, funda-